



Estimadas familias,

O 18 e 19 de setembro celebraranse as **reunións presenciais co profesorado titor** das persoas responsables do alumnado.

As reunións desenvolveranse no centro, **nas aulas respectivas de cada grupo**. Por motivos de aforo, rógase que acuda unha única persoa por alumna/o.

Todas as reunións comezarán **ás 18:30 horas** nas datas que seguen:

- **1º e 3º** de ESO: **mércres 18** de setembro.
- **2º e 4º** de ESO: **xoves 19** de setembro.

Estase a facer entrega dos libros en préstamo e das **chaves das taquillas** no caso de que fosen solicitadas. É necesario que **os libros** teñan, no cuño que lles pon o centro, o número que se lles asignou na entrega dos mesmos, para estar **convenientemente identificados**.

Lembramos que todos os libros do fondo deben ser devoltos nos últimos días do curso, en xuño, nun bo estado. Así mesmo, solicitamos a colaboración das familias para a súa conservación e **sexan forrados de xeito adecuado** e non escribir ou subliñar neles para posibilitar o seu uso nos vindeiros cursos.

A **entrega dos ordenadores e-DiXGAL en 1º de ESO** realizarase en datas posteriores á reunión informativa do 18 de setembro e unha vez se asine a documentación relativa ao uso e cesión.

Pódese consultar información E-DiXGAL para as familias no seguinte enlace:

<https://espazoabalar.edu.xunta.gal/e-dixgal/informacion-para-familias>

Un cordial saúdo.

A Coruña, 12 de setembro de 2024.

A dirección do centro.